CPI de Cervantes
Rúa dos Colexios s/n
27664 San Román de Cervantes (Lugo)
cpi.cervantes@edu.xunta.es
Tfno.: 982828940, 982828940

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
# CURSO 2021/22

## DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

Esta addenda xorde da necesidade de contextualizar a Programación Didáctica Anual aos cambios no procedemento de avaliación ordinaria e extraordinaria por mor da Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación no ensino de primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bachalerato no sistema educativo de Galicia.

| 1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN | |
|---|---|
| **1.1. AVALIACIÓN FINAL DE XUÑO** | |
| **a) Alumnado coa materia superada.** | Para o alumnado que teña superada a materia ao longo das tres avaliacións parciais, propoñeránselle a realización e entrega de actividades de ampliación dos contidos de todo o curso durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. Tal como consta na programación, estas actividades son valoradas como un 20% da nota final. Dita nota final está formada por duas partes, un 80% á nota media obtida ao longo das tres avaliacións, e o 20% restante será o citado anteriormente. A calificación final será a media ponderada das dúas calificacións, redondeada ao número enteiro máis próximo. |
| **b) Alumnado con algunha parte da materia suspensa.** | Para o alumnado que non teña superada algunha avaliación da materia, propoñeránselle a realización e entrega de actividades de reforzo dos contidos non superadosda durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. Tal como consta na programación, estas actividades son valoradas como un 20% da nota final. O alumno terá que facer unha proba escrita sobre os contidos non superados, a realizar antes da avaliación final. A nota da (ou das) partes non superadas será a media ponderada das actividades (un 20%) e a proba escrita (un 80%).<br><br>A nota final está formada por duas partes, un 80% á nota |

| | |
|---|---|
| | media obtida ao longo das tres avaliacións, e o 20% restante correspondente ao traballo e actitude na aula. A calificación final será a media ponderada das dúas calificacións, redondeada ao número enteiro máis próximo. |
| **c) Alumnado con toda a materia suspensa.** | Para o alumnado que non teña superada ningunha das avaliacións parciais da materia ao longo das tres avaliacións parciais, propoñeránselle a realización e entrega de actividades de reforzo dos contidos de todo o curso durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. Tal como consta na programación, estas actividades son valoradas como un 20% da nota final.<br>Antes da avaliación final o alumnado terá que facer unha proba escrita sobre os contidos de todo o curso.<br>A nota final está formada por duas partes, un 80% á nota obtida na antedita proba escrita, e o 20% restante será o citado anteriormente. A calificación final será a media ponderada das dúas calificacións, redondeada ao número enteiro máis próximo. |
| **2. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES<br>(Período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO)** | |
| **METODOLOXÍA** | A mesma que foi utilizada ao longo do curso escolar |
| **ACTIVIDADES** | Similares as levadas a cabo durante o curso escolar |
| **MATERIAIS E RECURSOS** | Similares aos utilizados durante o curso escolar |